

⇒ REQUISITOS

- Ter máis de 18 anos no comezo do curso (axuntar fotocopia do DNI).
- Ter o graduado escolar.

⇒ DESCRICIÓN DO CURSO

Componse por dúas fases:

- ⇒ A **PRIMEIRA FASE**, chamada teórico-práctica, é a que se corresponde propiamente co curso. Ten unha duración de **200 horas**, organizadas en 19 xornadas de 10 horas cada unha e 2 xornadas de 5 horas diarias, correspondentes polo xeral a unha materia do plano de estudos descrita no citado decreto, adaptado por esta ETL dentro das súas competencias.
- ⇒ A **SEGUNDA FASE** correspóndese cun período de prácticas, nunha destas dúas modalidades:
 - **14 días** de actividades ao aire libre (campamentos, colonias....) en bloques non inferiores a tres días.
 - **150 horas** en actividades cunha entidade que traballe no eido da educación no tempo libre.

⇒ AVALIACIÓN

A avaliación de ambas fases correspóndelle á ETL, baseándose en criterios establecidos o comezo de cada curso.

⇒ COMPLEMENTOS

Como complemento ao CMTL ofrecemos en colaboración coa Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia os certificados de manipulador de alimentos e de prevención de riscos laborais no tempo libre.

⇒ PREZO: 250€

N.B. O prezo é conxunto polos 3 cursos. En caso de non realizar ningún curso online, o custo total non varía.



Curso de monitores de actividades de tempo libre

- + Manipulador de alimentos*
- + Prevención de riscos no tempo libre*

*Cursos on-line

DATAS

Novembro: 9-10, 16-17, 23-24 e 30

Decembro: 1, 6-7-8, 21, 22, 23, 24*, 26, 27, 28, 29, 30, 31*

En horario de 09.00h-14.00h e 16.00h-21.00h

*O 24 e o 31 o horario é só de 09.00h a 14.00h

Asociación Xuvenil AMENCER | Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco
Praza Don Bosco, 1- 32003 | Rúa Belvis 2, 15703 Santiago de Compostela
Tfno./ Fax 988 2181 23 | Tfno. 981582243 Fax 981570263
amencer@amencer.org | cxdonbosco@cxdonbosco.org
www.amencer.org



escola de tempo libre e animación sociocultural DON BOSCO



escola de tempo libre e animación sociocultural DON BOSCO



Un ano máis dende **Amencer** e a **Escola de Tempo Libre Don Bosco** ofertamos o **Curso de Monitor/a de Tempo Libre**.

Este ano a maiores e de maneira online ofrecemos xunto con este título o curso de manipulador de alimentos e de prevención de riscos no tempo libre grazas a colaboración da Federación Don Bosco Galicia.

A titulación de monitores de actividades de tempo libre é un título que concede a **Dirección Xeral de Xuventude**. Para a súa obtención están recoñecidas unhas institucións chamadas "Escolas de tempo libre". Entre estas, encóntrase a Escola de tempo libre e animación sociocultural DON BOSCO, recoñecida a tal efecto o 1 de xuño de 1986.

Todo o referente a esta titulación está descrito no decreto 50/2000 da Xunta de Galicia. O seguinte é unha síntese deste decreto.



NORMAS XERAIS DE MATRICULACIÓN

⇒ MATRICULACIÓN

A inscrición no curso farase na **secretaría da Asociación Xuvenil AMENCER**, coa entrega persoal deste impreso de inscrición xunto co 50% do importe total ou a través do **formulario web**.

O 50% restante da matrícula terase que aboar antes do ecuador do curso. No caso dalgunha dificultade á hora de pagar a matrícula, estudarase cada caso de xeito particular.

O prazo de matriculación é ata unha semana antes do comezo do curso, ou ben ata acadar o límite de 25 prazas.

O importe inclúe os materiais básicos, o seguro e os dereitos académicos, así como os dous cursos online non obrigatorios.

As prazas son limitadas, e cubriranse por rigorosa orde de inscrición. Non se realizan reservas.

⇒ BAIXAS

Toda notificación de baixa posterior ao prazo de inscrición do correspondente curso dá dereito á devolución dun 50% do importe de matrícula un mes previo o comezo do curso. A non asistencia a un curso significa a perda de todos os dereitos de matrícula, así como o importe da mesma.

⇒ ANULACIÓN DE CURSOS

A Escola de Tempo Libre resérvase o dereito de anular algún curso cando o número de inscricións non sexa suficiente, a xuízo da entidade. Neste caso devolverase o importe íntegro da matrícula.

⇒ CERTIFICACIÓNS

Ao final de cada curso, a Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco estenderá un certificado de asistencia, co número de horas indicado.

N.B. O feito de efectuar unha matrícula supón o coñecemento e aceptación destas normas.

Para acceder ao **formulario de inscrición** do curso podes facelo

- ⇒ Na nosa web www.amencer.org
- ⇒ Ou escaneando o seguinte código QR



Para calquera dúbida

Asociación Xuvenil AMENCER
Praza Don Bosco, 1- 32003
Tfno./ Fax 988 2181 23
amencer@amencer.org
www.amencer.org